

PROCESO PARTICIPATIVO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR AGRARIO DA LIMIA

RESUMO EXECUTIVO

10 DE FEBREIRO DE 2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fundación
Juana de Vega



Limia-Arnoia
GDR-10

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
COMUNICACIÓN E CONTACTACIÓN	4
PRINCIPAIS RESULTADOS	7
RESULTADOS DE PARTICIPACIÓN	7
RESULTADOS DO ENCONTRO DE DIAGNOSE	7
<i>Matriz DAFO de gandería</i>	8
<i>Matriz DAFO de agricultura</i>	9
<i>Matriz DAFO de xestión de subprodutos e residuos agrogandeiros</i>	10
RESULTADOS DO ENCONTRO PROPOSITIVO DE GANDERÍA NA LIMIA	10
<i>Produción</i>	11
<i>Transformación e comercialización</i>	11
<i>Temas transversais: relevo xeracional, acceso á terra e á auga, e asociacionismo entre gandeiros</i>	11
RESULTADOS DO ENCONTRO PROPOSITIVO DE AGRICULTURA NA LIMIA	12
<i>Produción</i>	12
<i>Transformación e comercialización</i>	13
<i>Temas transversais: relevo xeracional, acceso á terra e á auga, e asociacionismo entre agricultores</i>	13
RESULTADOS DO ENCONTRO PROPOSITIVO DE XESTIÓN DE SUBPRODUTOS E RESIDUOS AGROGANDEIROS NA LIMIA	14
<i>Subprodutos e residuos gandeiros</i>	14
<i>Subprodutos e residuos agrícolas</i>	15
<i>Peche do ciclo. Formación, asesoramento e investigación</i>	15

INTRODUCCIÓN

O presente documento consiste no resumo executivo do informe de resultados elaborado en decembro de 2020 referido ao Proceso de Participación para a elaboración do Plan Estratégico do Sector Agrario da comarca da Limia (PEL), impulsado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de Galicia (AGADER).

Os encontros participativos recollidos no presente resumo executivo, foron celebrados nos meses de novembro e decembro do ano 2020, e foron coordinados polos redactores do Plan Estratégico da Limia. Este equipo multidisciplinar estivo composto polos responsables técnicos da Fundación Juana de Vega, o GDR 10 Limia-Arnoia e DELOGA, colectivo de sociólogos galegos especializados en facilitación de procesos de participación pública.

Dada a situación sociosanitaria derivada da pandemia xerada pola Covid-19, e atendendo as recomendacións das autoridades sanitarias co fin de conter a transmisión da enfermidade, o proceso participativo realizouse completamente en modalidade telemática, empregando metodoloxías dixitais e interactivas, aproveitando a capacidade destas ferramentas para a comunicación online.

Os encontros participativos foron deseñados como espazos abertos e heteroxéneos, nos cales puidesen interactuar responsables de institucións públicas, sectoriais e movementos sociais. Isto materializouse nun amplo abano de axentes participantes de diversa procedencia tales: representantes políticos e técnicos das administracións públicas involucradas, responsables e produtores do sector agrario, empresas de transformación e comercialización de produtos agrícolas e gandeiros, así como as principais entidades ambientalistas da comarca. A cada un dos catro encontro asistiron en torno a 30-40 organizacións, obténdose unha composición diversa por tipoloxía de organización, o que garantiu unha representación equilibrada dos diferentes ámbitos e actividades vinculadas co sector agrario e coa comarca da Limia.

Os catro encontros telemáticos realizáronse previa inscrición, consistindo nunha videoxuntanza, onde se traballou en pequenos grupos rotatorios para facilitar o debate, contando con material gráfico e textual de apoio. A metodoloxía procurou en todo momento a reflexión individual e a grupal, polo que se adaptou a técnica do “word café” prevista inicialmente, a un ambiente presencial en modalidade dixital.

O primeiro dos encontros foi eminentemente informativo e de diagnose, mentres que os tres posteriores foron de tipo propositivo tendo cada un deles unha temática concreta: gandería; agricultura, e xestión de subprodutos e residuos agrogandeiros. Foron realizados en horario de mañá e cunha duración aproximada de 3 horas.

A continuación, detállase unha táboa coas datas e horarios de celebración de cada un dos encontros, así como os principais obxectivos.

Táboa 1. Encontros celebrados

Encontros de diagnose e propositivos	Datas
Encontro de diagnose estratéxica do sector agrario na Limia	20 de novembro de 2020
Encontro propositivo sobre o sector gandeiro na Limia	26 de novembro de 2020
Encontro propositivo sobre o sector agrícola na Limia	3 de decembro de 2020
Encontro propositivo sobre o desafío dos subprodutos e residuos agrogandeiros na Limia	10 de decembro de 2020

COMUNICACIÓN E CONTACTACIÓN

AXENTES CHAVE CONVIDADOS

Foron convidados a participar nos encontros os principais axentes chave relacionados co sector agrario que operan nalgún dos municipios que conforman a comarca da Limia (Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia), así como dos municipios de Bande, Entrimo, Lobeira, Muíños, Vereá e Xunqueira de Ambía. Entre os axentes participantes, cabe destacar a óptima implicación nos encontros dos membros que compoñen a Mesa da Limia, así como de produtores agrícolas e gandeiros, que coa súa participación garantiron unha representación directa do sector. Os membros que compoñen a Mesa son os seguintes:

- Consellería de Medio Rural
- Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
- Delegación territorial da Xunta de Galicia en Ourense
- Xefatura territorial Medio Rural en Ourense
- Servizo de Explotacións Agrarias en Ourense
- Servizo de Gandería en Ourense
- Servizo FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria)
- Oficina Agraria Comarcal Xinzo de Limia
- Centro Tecnolóxico da Carne
- Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (ADEGAL)
- Asociación de Produtores de Pataca da Limia
- IXP Pataca de Galicia
- Asociación de Agricultores Alta Limia (Agricultores e gandeiros de Xunqueira de Ambía e Vilar de Barrio)
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Movemento Ecoloxista da Limia (MEL)
- Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo – Instituto do Campo – LINORDE
- Plataforma Auga Limpa Xa
- Xefatura territorial de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Ourense
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental en Ourense (XTMATV)
- Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos (MATV Santiago)
- Concello de Rairiz de Veiga
- Concello de Vilar de Santos
- Concello de Sandiás
- Concello de Sarreaus
- Concello de Vilar de Barrio
- Concello de Porqueira
- Concello de Xinzo de Limia
- Concello de Trasmiras
- Concello de Calvos de Randín
- Concello dos Blancos
- Concello de Baltar
- Concello de Xunqueira de Ambía
- COREN
- Confederación Hidrográfica Miño-Sil
- Unións Agrarias
- Sindicato Labrego Galego (SLG)
- Federación Rural Galega (FRUGA)
- Asociación Agraria de Galicia (ASAGA)

Así mesmo, para garantir unha representación heteroxénea convidouse a axentes chave correspondentes coas seguintes tipoloxías:

- Agricultores
- Gandeiros
- Almacenistas
- Empresas comercializadoras de agroquímicos
- Xestores de residuos
- Cooperativas agrarias
- Sindicatos agrarios
- Asociacións empresariais do sector agrario
- Empresas de servizos agrarios
- Empresas de industria agroalimentaria
- Comunidades de montes
- Comunidades de regantes
- Movementos sociais e ecoloxistas
- Consellos Reguladores de diferentes IXP de Galicia: Pataca, Tenreira, Castaña e Pan
- CRAEGA
- SEPRONA
- INORDE, Instituto do Campo e outros centros de investigación
- Departamentos de investigación do ámbito universitario
- Distritos forestais
- Oficinas agrarias comarcais

Así pois, para os convites e a labor de comunicación, elaborouse unha base de datos composta por un total de 114 axentes. A continuación, preséntase unha táboa co número de actores segundo tipoloxía:

Táboa 2. Número de axentes chave segundo tipoloxía

Tipoloxía	Número	Porcentaxe (%)
Concellos	17	15%
Xunta de Galicia	15	13%
Outra Administración Pública distinta ás anteriores	10	9%
Asociación ou federación do sector agrario	16	14%
Outras asociacións ou federacións	4	4%
Empresas ou cooperativas	14	12%
Produtores profesionais (gandería)	20	18%
Produtores profesionais (agricultura)	8	7%
Outras distintas	10	9%
Total	114	100%

Xa validada a base de datos, contactouse tanto por correo electrónico como por chamada telefónica cos axentes para presentarles o proceso de participación, así como para convidalos aos diferentes encontros participativos.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Para a participación nos encontros era necesaria a inscrición aos mesmos, polo que foi confeccionado un formulario de inscrición para cada encontro, que debía ser cuberto polas persoas participantes. Este formulario, á parte de ter datos de contacto, contaba cunha serie de preguntas referidas á experiencia previa en encontros telemáticos e ferramentas de comunicación dixital.

GUÍA DE FACILITACIÓN DA PLATAFORMA DIXITAL

Elaborouse unha guía de uso da plataforma dixital, de xeito que facilitase o acceso e o desenvolvemento do encontro para o conxunto de persoas participantes, a cal se achegou por correo electrónico. Esta guía incluía unha serie de recomendacións sobre aspectos desexables para un óptimo desenvolvemento do encontro, como son as seguintes: acceder preferiblemente dende un ordenador; dispoñer de auriculares con entrada e saída de son, contar preferiblemente con cámara, conectarse dende unha ubicación onde non existan ruidos e se dispoña dunha boa conexión a internet, entre outras. Tamén presentaba o proceso de acceso á plataforma, detallando o procedemento dende que se envía o enlace, as diferentes formas de acceder á reunión e os primeiros pasos tras acceder ao encontro.

OUTRAS VÍAS E FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN

Tamén foron empregadas as seguintes canles de comunicación:

- Creouse unha microsite do proceso de participación e da propia elaboración do Plan Estratéxico do sector agrario da Limia (PEL), co seguinte enderezo web <https://www.limia-arnoia.gal/pel/>. Esta páxina web conta con catro apartados ou pestanas divididas da seguinte maneira: inicio (que conta coa descrición da comarca, as entidades colaboradoras, obxectivos e metodoloxía usada para levar a cabo o plan estratéxico), encontros dixitais (que conta coa información principal de cada un dos encontros celebrados: temáticas, datas e horas, e información de inscrición para poder participar), contactar (onde se facilitan os datos de correo electrónico e teléfono de atención para calquera dúbida ou información de inscrición) e novas (onde se achegan actualizacións sobre os encontros: novas, fotos, posts, etc.).
- Empregáronse as redes sociais institucionais das organizacións responsables da elaboración do Plan para difundir o proceso de participación, tanto Facebook como Twitter.
- Elaboráronse notas de prensa e seis cartaces do proceso de participación: un xenérico do proceso, un específico para cada un dos encontros, e un sen texto. Estes carteis foron difundidos na microsite, a través das redes sociais anteriormente mencionadas e mediante correo electrónico aos axentes chave.

Imaxe 1. Cartel xenérico do Proceso de Participación



PRINCIPAIS RESULTADOS

RESULTADOS DE PARTICIPACIÓN

Neste apartado, recóllese a información principal referida á participación no conxunto de encontros celebrados. Os resultados de participación segundo encontro son os seguintes.

Táboa 3. Número de organizacións asistentes en cada encontro

Encontros de diagnose e propositivos	Nº organizacións
Encontro de diagnose	38
Encontro propositivo de gandería	27
Encontro propositivo de agricultura	32
Encontro propositivo de xestión de subprodutos e residuos agrogandeiros	37


RESULTADOS DO ENCONTRO DE DIAGNOSE

O encontro de diagnóstico estratéxico do sector agrario tiña por obxectivo principal consensuar entre os organizacións e entidades participantes unha análise sobre a produción agrícola e gandeira na comarca da Limia, co fin último de obter unha matriz DAFO que servise como punta de partida do proceso de participación.

Bloques temáticos que se abordaban neste encontro foron as seguintes:

- Producción agrícola
- Producción gandeira
- Transformación e comercialización dos produtos agrarios

Imaxe 2. Material gráfico extraído do Encontro de Diagnose



Os resultados obtidos son os que se presentan a continuación, a modo de tres matrices DAFO correspondentes aos tres encontros de tipo propositivos celebrados: gandería, agricultura e xestión de subprodutos e residuos agrarios. Cabe indicar que estes resultados foron expostos na presentación de cada un dos encontros.

MATRIZ DAFO DE GANDERÍA

Debilidades	Ameazas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Modelo produtivo baseado na gandería intensiva (porcino e avícola) e a consecuente perda de explotacións de vacún e ovino-caprino en extensivo. 2. Explotacións de dimensións elevadas cunha gran dependencia de recursos externos para a alimentación animal. 3. Contaminación difusa das augas por nitratos e fosfatos debido á xestión actual dos subprodutos das explotacións gandeiras. 4. Falta de capacidade de xestión dos subprodutos gandeiros. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modelo de explotación vinculado a unha única cooperativa dependente da mesma en todas as fases (producción, transformación e comercialización). 2. A industria de transformación gandeira é moi pequena, falta de industria de transformación agraria na propia comarca. 3. Posible declaración da comarca como zona vulnerable por contaminación do solo e as augas por nitratos. 4. O cambio climático provocará unha redución dos recursos actuais, especialmente do recurso auga debido ás variacións das precipitacións (mesma cantidade de auga pero distinta distribución anual). 5. Imaxe negativa cara á opinión pública derivada da contaminación da actividade agraria da comarca
Fortalezas	Oportunidades
<ol style="list-style-type: none"> 1. A comarca da Limia é unha das comarcas agrarias máis importantes de Galicia, contando con recoñecemento dos produtos da comarca e elevada profesionalización do sector con respecto ao resto do territorio nacional. 2. O relevo xeracional en explotacións agrarias está asegurado, cuestión da que adoecen a maior parte das bisbarrias rurais en Galicia. 3. O modelo económico das explotacións e o vínculo cooperativista da comarca é pioneiro e positivo para rendibilidade das granxas. 4. A chaira da Limia mantén uns valores ambientais de destacable valor (As Veigas, zonas de migración de aves...). 5. A comarca da Limia ten unhas condicións territoriais que permiten a instalación e produtividade das explotacións gandeiras en extensivo e intensivo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A sociedade demanda produtos alimentarios de maior calidade e de maior respecto polo medio. Os produtos avalados con certificacións teñen maiores prezos de mercado e mellor acollida polo consumidor (DO, IXP, ecolóxicos...). 2. Formación e profesionalización do sector (por exemplo: ciclos formativos próximos; polo tanto, xente nova con maior formación e con maior acceso a información). 3. Existencia de axudas de investimento para adaptarse aos requirimentos medioambientais do futuro da PAC e para o fomento da comercialización e a transformación. 4. Posibilidade de apostar por un modelo que supoña un ciclo pechado de economía circular, ao ter agricultura e gandería na comarca. 5. Aposta da Xunta de Galicia pola creación dun centro para o impulso da economía circular que permita o tratamento dos subprodutos gandeiros e producir enerxía.

MATRIZ DAFO DE AGRICULTURA

Debilidades	Ameazas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Modelo produtivo baseado no cultivo da pataca e o cereal con escasa diversificación de cultivos. 2. Cultivos cun uso excesivo de agroquímicos, que contribúen a diminuír a calidade do produto e a aumentar o impacto medioambiental na comarca. 3. Falta de asesoramento aos produtores para a produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas. 4. A cooperación e o asociacionismo entre agricultores da comarca é limitado. 5. Tecido industrial na comarca moi débil que permita destinar parte da produción local ás industrias de transformación. 6. Non existe un plan de comunicación e divulgación que traslade aos consumidores a calidade da pataca da Limia. 7. O cultivo da pataca é de temporada e con prezos moi volátiles entre campañas. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O recurso auga preséntase como unha debilidade actual e moi preocupante no futuro. Necesidade de plan de rega, rega por goteo, etc. O cambio climático acentuará esta ameaza. 2. Posible declaración da comarca como zona vulnerable por contaminación do solo e as augas por nitratos. 3. A pataca da Limia perdeu parte da súa imaxe de calidade, debido ao modelo produtivo e ao uso excesivo de agroquímicos, mentres outras zonas gañan en imaxe de calidade e posiciónanse mellor no mercado actual.
Fortalezas	Oportunidades
<ol style="list-style-type: none"> 1. A comarca da Limia é unha das comarcas agrarias máis importantes de Galicia, contando con recoñecemento dos produtos e elevada profesionalización. 2. O relevo xeracional nas explotacións agrarias está asegurado, cuestión da que adocен a maior parte das bisbarras de Galicia. 3. Explotacións agrícolas con tecnoloxía moderna que facilita o traballo e a produción agraria. 4. Proxectos de transformación industrial da pataca funcionando dende hai anos, que serven de exemplo para a posta en marcha doutras iniciativas. 5. Oportunidade de comercialización por varias vías: acordos con grandes superficies comercializadoras, “Mercaproximidade”, a venda online. 6. Posibilidade de dar a coñecer a pataca agraria da Limia a través de campañas de publicidade impulsadas pola IXP de Pataca de Galicia. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hai moito potencial para a diversificación da horta, con cultivos doutros tipos, como introducir leguminosas nas rotacións, o que abriría novos mercados, diversificaría a produción e aportaría descanso ao terreo nos ciclos de cultivo. Tamén coa produción de trigo para a IXP de Pan Galego. 2. Existencia de axudas de investimento para adaptarse aos requirimentos medioambientais do futuro da PAC e para o fomento da comercialización e a transformación . 3. A sociedade demanda produtos alimentarios de maior calidade e de maior respecto polo medio. Os produtos avalados con certificacións de calidade teñen maiores prezos e mellor acollida polo consumidor (DOP, IXP, ecolóxicos). 4. Posibilidade de apostar por un modelo que supoña un ciclo pechado de economía circular, ao ter agricultura e gandería na comarca.

MATRIZ DAFO DE XESTIÓN DE SUBPRODUTOS E RESIDUOS AGROGANDEIROS

Debilidades	Ameazas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Sobreexplotación gandeira na comarca, o que supón un exceso de xurros e estercos procedentes da gandaría intensiva. 2. A contaminación difusa das augas por nitratos e fosfatos, en parte pola actual xestión dos subprodutos e residuos agrogandeiros. 3. Emprego de abonos químicos e fitosanitarios de forma non adecuada, superando ademais as doses establecidas. Percepción dun inaxeitado control sobre o uso destes produtos. 4. Falta dun sistema eficaz de xestión de subprodutos e residuos agrogandeiros. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A problemática da contaminación dos solos e augas afecta á imaxe do sector agrario da comarca da Limia e dos seus produtos. 2. Posible declaración da comarca como zona vulnerable por contaminación do solo e as augas por nitratos.
Fortalezas	Oportunidades
<ol style="list-style-type: none"> 1. Incremento da concienciación medioambiental por parte das persoas produtoras e da sociedade nos últimos anos 2. Existencia de estercos e xurros que se empregan como subproduto para a produción agrícola (por exemplo, como compost) 3. As proximidades entre produción agrícola e gandeira. Isto permitiría acadar un modelo que supoña un ciclo pechado entre agricultura e gandaría. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. As producións máis respectuosas co medio e a saúde son cada vez máis demandadas polo mercado. 2. Existencia de iniciativas para revalorizar os subprodutos agrogandeiros da comarca. 3. Posibilidade de compatibilizar o desenvolvemento agrogandeiro e socioeconómico co respecto medioambiental. 4. A nova normativa europea sobre produción agraria verde (o "Pacto Verde").


RESULTADOS DO ENCONTRO PROPOSITIVO DE GANDERÍA NA LIMIA

O encontro propositivo sobre gandería tiña por obxectivo principal obter propostas concretas (programas/medidas/accións) por parte dos entes e organizacións participantes sobre gandería para valorar a súa incorporación ao Plan Estratéxico.

As temáticas que se abordaron neste encontro foron as seguintes:

- Produción gandeira actual e oportunidades futuras
- Transformación e comercialización dos produtos gandeiros
- Temáticas transversais: relevo xeracional, acceso á terra e á auga, e asociacionismo entre gandeiros

Imaxe 3. Material gráfico extraído do Encontro Propositivo de Gandería



Os resultados obtidos neste reunión participativa son os que se recollen a continuación.

PRODUCCIÓN

Unha das medidas máis debatida é a necesidade de xestionar os distintos tipos de subprodutos e residuos derivados. Neste senso, recálcase que algúns xurros como os de porco deben ser depositados en esterqueiras e tratados; sendo distinto cos xurros de vacún e avícolas.

Por outra banda, maniféstase a necesidade de acadar un ciclo pechado entre as producións gandeiras e agrícolas, sendo necesarias varias medidas ao respecto, por exemplo: mobilización de terras, xestión de subprodutos, novas formas de acceso á auga, potenciar a gandería extensiva, etc.

Ligado á medida anterior, faise preciso favorecer a convivencia da gandería intensiva e extensiva. Expóñense, aínda así, varias problemáticas que dificultan o fomento da gandería extensiva, tales como: a bioseguridade, a distancia das explotacións, o problema de acceso a terra, o mercado, etc.

Unha cuarta medida é a diversificación, a cal se considera unha ideal pero non exenta de problemáticas. Algunhas son: falta de formación e información sobre as potencialidades, risco de cambiar parte dunha produción que funciona, as incertezas nas ampliacións de cabezas de gando ou a percepción de que a propia diversificación funciona mellor en intensivo que en extensivo.

Por último, existe un consenso xeneralizado na necesidade de valorizar socialmente a actividade gandeira e poñer en valor o sector primario que arrastra estereotipos do pasado que non se corresponden coa realidade actual.

TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

Indícase que é indispensable o apoio á creación de proxectos de transformación de produtos agrarios, os cales necesitan unhas instalacións moi específicas. Vese imprescindible crear máis liñas de produtos que vaian cos estándares de consumo actuais, aínda que centrándose na industria cárnica pero de alta calidade.

Ademais, enténdese necesario determinar as posibilidades de comercialización do sector da comarca. Neste senso, existe moito debate ao redor da necesidade de potenciar o mercado de proximidade.

Formúlase a posibilidade de establecer, dende a Administración, canles de venda directa dos produtos agrarios, apostando pola calidade e defendendo aos pequenos produtores fronte as grandes canles de distribución. Propóñense campañas de promoción de produtos locais e de calidade. Isto debe estar unido á comercialización online.

Por último, crese preciso a apertura de novos mercados, tanto nacionais como internacionais, sendo indispensable o traballo político.

TEMAS TRANSVERSAIS: RELEVO XERACIONAL, ACCESO Á TERRA E Á AUGA, E ASOCIACIONISMO ENTRE GANDEIROS

Como primeira medida, exponse que sería necesario favorecer o acceso a novos terreos. Neste senso, fálase do banco de terras, o cal debería funcionar mellor para a mobilización da terra.

Unido á medida anterior, coméntase a necesidade de conseguir un modelo de acceso á terra máis móbil, máis áxil, que non dependa de tantos trámites e que estes fosen máis sinxelos. Promocionar e facer accesibles as terras dispoñibles para poder traballalas, controlando a declaración das mesmas para facilitar o seu acceso (especialmente, terras herdadas que incluso están sen propietarios recoñecidos).

Vese indispensable modernizar o acceso á auga e ao sistema de regadío, creando modelos de rega prácticos, útiles e sostibles.

Con respecto ao asociacionismo entre gandeiros e o fomento da colaboración entre gandeiros e agricultores, opínase, que debe ser a Administración quen lidere para facilitar que as persoas se coñezan e articulen sinerxias beneficiosas entre elas.

Por último, reclámase un maior asesoramento técnico dende as distintas Administracións.


RESULTADOS DO ENCONTRO PROPOSITIVO DE AGRICULTURA NA LIMIA

O encontro propositivo sobre agricultura tiña por obxectivo obter propostas concretas (programas/medidas/accións) por parte dos axentes participantes para valorar a súa incorporación ao Plan Estratégico.

As temáticas que se abordaron neste encontro foron as seguintes:

- Producción agrícola actual e oportunidades futuras
- Transformación e comercialización dos produtos agrícolas
- Temas transversais: relevo xeracional, acceso á terra e á auga, e asociacionismo entre agricultores

Imaxe 4. Material gráfico extraído do Encontro propositivo de Agricultura



Para cada unha das temáticas presentáronse unha serie de medidas para ser valoradas a súa inclusión no Plan Estratégico, sendo todas debatidas polas persoas asistentes á xornada. Os resultados principais obtidos son os que se amosan a continuación.

PRODUCCIÓN

Con respecto á *medida 1, agricultura de precisión, monitoreo de pragas e dixitalización na produción agrícola*, coméntase que sería ideal, se ben se perciben determinadas dificultades para levalo á práctica.

En canto á *medida 2, modernización e mellora da xestión de recursos hídricos e sistemas de regadíos*, existe un consenso moi xeneralizado de que este debe ser un dos temas nucleares do Plan Estratégico.

Sobre a *medida 3, conversión cara un modelo de produción agrícola máis respectuoso co medio ambiente*, destácase a necesidade dun código de boas prácticas agrícolas que fose de aplicación obrigatoria.

No que se refire á *medida 4, aposta pola diversificación de cultivos hortícolas*, non hai consenso. Neste sentido, hai quen considera que se debe apostar firmemente pola diversificación de cultivos; mentres quen hai quen pon o foco nas dificultades para acadar esa diversificación.

Con respecto á *medida 5, sincronización da agricultura e a gandería*, enténdese que é un aspecto de especial relevancia que hai que abordar no Plan, e que de feito constitúe un dos motivos polos que está en elaboración o mesmo.

Por último, sobre a *medida 6, reforzo da cantidade de pataca recollida para a IXP Pataca de Galicia, así como de trigo recollido para a IXP Pan Galego*, considérase que se trata de accións que xa se están empezando a levar a cabo.

TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

En canto á *medida 1, campañas de promoción de produtos da Limia vinculadas á calidade e sustentabilidade*, considérase necesaria unha mellor promoción baseada na calidade do produto, así como visibilizar as prácticas sostibles desenvoltas na produción.

No que respecta á *medida 2, aproveitamento de marcas xa existentes como Galicia Calidade*, pode observarse unha diversidade de opinións, habendo quen considera que se debe apostar por unha marca vinculada á comarca (en especial, en torno á pataca) e quen considera que se debería amparar baixo o paraguas de marcas autonómicas como Galicia Calidade.

Sobre a *medida 3, aproveitamento de iniciativas como Mercaproximidade*, destácase a necesidade de facer máis promoción e de adaptalas para que favorezan en maior medida aos produtores e produtoras.

Con respecto á *medida 4, aposta por plataformas de comercialización online*, considérase necesario aproveitar as novas tecnoloxías, xa que a tendencia do mercado evoluciona cara elas; se ben, percíbense dificultades. Tamén é de destacar a aposta por unha plataforma de comercialización propia.

En canto á *medida 5, venda directa a establecementos próximos de consumo masivo*, enténdese que é fundamental fomentar o consumo no mercado local.

No que se refire á *medida 6, impulso de modelos de cooperativas ou de asociacionismo para a comercialización do produto agrícola*, considérase unha medida de difícil implantación, pero aínda así constitúe unha das vías para a mellora da comercialización.

En canto á *medida 7, transformación de produtos agrarios en orixe*, destácase a liña estratéxica referida ao impulso da implantación de industria agroalimentaria na comarca, creando unha rede de transformación da materia prima en orixe.

Por último, sobre a *medida 8, promoción de eventos gastronómicos para un mellor posicionamento do produto*, consensuase a súa relevancia e considérase que este tipo de eventos son de especial interese para a promoción do produto.

TEMAS TRANSVERSAIS: RELEVO XERACIONAL, ACCESO Á TERRA E Á AUGA, E ASOCIACIONISMO ENTRE AGRICULTORES

En canto á *medida 1, acceso á terra e mobilización das superficies abandonadas*, existe consenso entre as persoas participantes vinculado á necesidade de tomar accións referidas ao acceso á terra, sendo unha das accións máis recorrentes o banco de terras operativo.

Con respecto á *medida 2, fomento da cooperación e colaboración*, enténdese que é fundamental e debe darse entre o propio sector agrario e a Administración Pública.

No que se refire á *medida 3, fomento da formación e o asesoramento en produción, transformación e comercialización*, destácase a necesidade tanto de realizar formación entre as persoas que forman parte do sector como de impulsar a formación regrada relacionada co sector.

Sobre a *medida 4, mantemento e incorporación de novos produtores*, enténdense de especial relevancia os seguintes eixos: acceso á terra, simplificación dos trámites administrativos, apoio dende a Administración Pública e formación.

No relativo á *medida 5, potenciación de modelos alternativos de produción*, considérase necesario promover métodos e técnicas alternativas de produción, podendo apostarse pola diversificación, a desintensificación (que iría asociado a maior calidade) e novas técnicas agrícolas máis respectuosas co medio ambiente.

En relación á *medida 6, iniciativas que compatibilicen a produción agrícola coa mellora da biodiversidade*, considérase necesario instaurar un sistema de convivencia entre a produción e a biodiversidade para reducir o impacto ambiental e levar a cabo unha agricultura máis sostible, destacándose o establecemento dun código de boas prácticas agrícolas.

Por último, con respecto á *medida 7, centro de tratamento de subprodutos agrarios e residuos*, existe unanimidade na necesidade de contar cun sistema de xestión de residuos no que se establezan unhas pautas a seguir á hora de valorizar os subprodutos e xestionar os residuos inorgánicos da produción agrícola.

RESULTADOS DO ENCONTRO PROPOSITIVO DE XESTIÓN DE SUBPRODUTOS E RESIDUOS AGROGANDEIROS NA LIMIA

Este último encontro propositivo tiña por obxectivo obter propostas concretas (programas/medidas/accións) por parte dos axentes participantes sobre a xestión dos subprodutos e dos residuos agrogandeiros na Limia para valorar a súa incorporación ao Plan Estratéxico.

As temáticas abordadas neste encontro foron as seguintes:

- Xestión e valorización de residuos e subprodutos agrícolas
- Xestión e valorización de residuos e subprodutos gandeiros
- Peche do ciclo. Formación, asesoramento e investigación

Para cada unha das temáticas presentáronse unha serie de medidas que podería incluír o Plan Estratéxico, as cales eran debatidas polas persoas participantes. Os resultados xerais obtidos son os que se amosan a continuación.

SUBPRODUTOS E RESIDUOS GANDEIROS

Ao respecto da *medida 1, actuacións nos sistemas de alimentación e manexo*, considérase interesante, e coméntase que moitas desas accións concretas xa se están realizando nas explotacións e que se están a realizar investigacións ao respecto.

Con respecto á *medida 2, actuacións nas instalacións de almacenamento de xurros nas granxas*, destácase que xa se veñen realizando nas explotacións, pero que existen dificultades para implementalas, en especial polos prazos na obtención dos permisos.

As *medidas 3, tratamento en granxa dos xurros e a galinácea* e *4, plantas centralizadoras xestoras de residuos* xeran debate sobre as principais formas de tratamento destes subprodutos e residuos. Poden destacarse tres visións fundamentalmente: apostar principalmente polo tratamento nas propias explotacións, apostar por plantas centralizadoras ou optar por unha compatibilidade entre ambas.

Por último, ao respecto da *medida 5, promoción da conversión a modelos de gandería máis sostible*, dialógase sobre se é preciso un cambio de modelo produtivo que aposte fundamentalmente pola calidade (e non pola cantidade), o cal irá asociado xeralmente a unha maior sustentabilidade; se ben, enténdese

que cómpre ter en conta que nas explotacións en intensivo, actualmente se están levando a cabo medidas e accións que buscan un maior respecto cara o medio ambiente.

SUBPRODUTOS E RESIDUOS AGRÍCOLAS

Sobre a *medida 1, creación de áreas de compostaxe de materia orgánica*, existe unha ampla opinión cara a súa pertinencia, e apúntanse varios factores para a creación destas áreas.

En canto á *medida 2, optimización do emprego de fitosanitarios e fertilizantes nas explotacións agrícolas*, considéranse fundamentais os seguintes aspectos: o apoio dende a Administración Pública para unha modernización sostible, a formación e o asesoramento técnico, e o control sobre as prácticas agrícolas.

Con respecto á *medida 3, destinar a materia orgánica das explotacións para subministrar a plantas xestoras de residuos que poden producir biogás*, existe un claro disenso, contemplándose dúas posturas fundamentalmente: quen se orienta favorablemente á implementación deste tipo de plantas de xestión de subprodutos e quen amosa a súa oposición.

No que se refire á *medida 4, sistema de recollida e tratamento de residuos agrogandeiros*, expóñense unha serie de medidas a desenvolver tanto por parte do propio sector agrario como por parte da Administración Pública, fundamentalmente as de ámbito local.

Por último, sobre a *medida 5, posta en marcha dun plan de substitución de fertilizantes minerais por fertilizantes orgánicos*, existe un intenso debate, en tanto que os fertilizantes minerais son percibidos como esenciais, polo que se trataría de buscar o equilibrio entre as diversas tipoloxías de fertilizantes.

PECHE DO CICLO. FORMACIÓN, ASESORAMENTO E INVESTIGACIÓN

Con respecto á *medida 1, incremento do orzamento en I+D+i e transferencia de tecnoloxía no ámbito dos subprodutos e residuos agrarios*, considérase fundamental impulsar a investigación e o investimento en infraestruturas.

En canto á *medida 2, realización de estudos sobre efectos das prácticas agrarias e do cambio climático na materia orgánica dos solos, nos acuíferos e na emisión de gases de efecto invernadoiro*, expónse a necesidade de realizar estudos específicos sobre determinadas temáticas e obxectos de estudo.

Sobre a *medida 3, incorporación da materia de xestión de residuos agrarios nas formacións e ensinanzas agrarias para mellorar a formación dos futuros profesionais*, enténdese que é fundamental darlle máis peso á formación e a cualificación permanente dos produtores e produtoras.

En canto á *medida 4, reforzo da formación non regrada e o asesoramento por parte dos centros de investigación no ámbito da xestión dos subprodutos e residuos agrogandeiros*, expóñense algunhas temáticas de especial relevancia que debe abordar esta formación e asesoramento.

Por último, con respecto á *medida 5, realización dunha mostraxe anual sobre as terras e acuíferos, analizando os efectos das prácticas agrarias na comarca*, percíbese como un medida de escaso interese, xa que se entende que actualmente realízanse mostraxes suficientes.